



FAQ

Máster oficial en Traducción Multimedia

Referencia 26

Nombre **Subtitle Workshop**

Ayuda alumnado Riveiro de Dios, Antón

E-mail alumnado Anton182@gmail.com

FAQ-1 [Quero gardar o vídeo cos subtítulos \(xuntalos\) con Subtitle Workshop 2.51 Podo facelo? Se a resposta é afirmativa, como podería facelo? Se a resposta é negativa, sabes dalgún xeito en que o poida facer?](#)

Resposta FAQ-1 Ben, con Subtitle Workshop non é posible xuntar, ou fusionar, os subtítulos ao vídeo, é un programa que só permite a creación ou edición dos arquivos de subtítulos nos seus diferentes formatos. O que terías que facer para xuntar os subtítulos ao vídeo é baixar un programa que permita levar a cabo tal tarefa, como pode ser o VirtualDubMod, dispoñible para baixar nesta ligazón: <http://virtualdubmod.softonic.com/>

FAQ-2 [Estou subtitulando unha película de Disney e quixera saber se hai algunha forma de incorporar o efecto karaoke, para as moitas cancións que van aparecendo, co Subtitle Workshop 2.51. En caso de resposta afirmativa, como o podería facer? En caso de resposta negativa, que programa podo empregar para conseguir ese efecto?](#)

Resposta FAQ-2 Con Subtitle Workshop non é posible crear efecto de karaoke, o máis parecido é a opción de "effects" localizada en "edit" -> "subtitles" na que podes elixir a opción "Type Effect" (tamén accesible dando shift + alt + t) e verás como as letras van aparecendo unha a unha para cada liña de subtítulos, aínda así, se queres realizar un bo karaoke, non a recomendaría. Se queres un bo programa para facelo
